



Instrución: /2011

Data: 1/3/11

Asunto: Acceso a correo, intranet e biblosaúde por parte de xubilados do Servizo Galego de Saúde

Orixe: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade

Ámbito: Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde

De conformidade co establecido no artigo 4.2, a) do Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, é competencia da Secretaría Xeral Técnica, con respecto aos sistemas e tecnoloxías de información, e baixo a perspectiva de articular un proxecto único para a Consellería de Sanidade e para o Servizo Galego de Saúde, o deseño da estrutura básica do sistema de información do sistema sanitario de Galicia, a normalización, mantemento e explotación dos sistemas e tecnoloxías de información e a definición, coordinación e supervisión dos plans de información e sistemas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 8 do mesmo decreto, as competencias atribuídas á Secretaría Xeral Técnica na materia indicada exércense a través da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información, como unidade responsable de planificar, executar e/ou coordinar calquera iniciativa que se leve a cabo no ámbito dos sistemas e tecnoloxías de información, tanto na Consellería de Sanidade coma no Servizo Galego de Saúde e organismos dependentes.

No ámbito de ditas funcións atópanse a normalización e mantemento dos sistemas de información sanitarios e a plataforma e servizos TIC que os sustentan, elaborando as propostas relativas ás medidas técnicas de todos os proxectos que impliquen integrar ou compartir información e á dispoñibilidade e integridade da información.

Por outra banda, a Biblioteca Virtual BiblioSaúde está constituída polo conxunto de Bibliotecas do Sistema Sanitario Público Galego e traballa no desenvolvemento dunha biblioteca dixital para os profesionais e usuarios dos servizos públicos de saúde.

O obxectivo deste recurso é poñer a disposición dos usuarios información relevante para a toma de decisións na práctica clínica, a docencia e a investigación, ademais de fomentar a actualización.

A finalidade é difundir o coñecemento científico-técnico nas Ciencias da Saúde a través de Internet e reunir nun único sitio diferentes fontes de información, garantindo a calidade e a actualización dos seus contidos.

INSTRUCCIÓN 7/11



Un dos piares da Estratexia do Servizo Galego de Saúde 2014 é velar e coidar aos seus profesionais. O Sistema Sanitario Público de Galicia o compoñen persoas e é necesario que a organización se ocupe dos seus profesionais, tanto durante o seu exercicio coma despois de que, por mor da xubilación, cesen no servizo activo.

Sen prexuízo do anterior, resuta de interese evitar que se rompa a relación entre estes profesionais e o Sistema Público no que desenvolveron a súa actividade profesional, máxime sabendo a importancia que ten a experiencia e o saber acumulados por estes profesionais altamente cualificados, e o importante que resulta para eles manterense activos se tal fose a súa vontade e desexo.

Neste sentido resulta de interese que os profesionais, rematada a súa vida profesional no sistema, teñan a posibilidade de manter accesibles as ferramentas de comunicación (correo electrónico e intranet) e os accesos a fontes de coñecemento (Bibliosaúde) das que desfrutaron ata o momento da súa jubilación, para posibilitar a continuidade do seu vínculo co Sistema de Saúde ao que serviron entregando e aportado o seu traballo e experiencia durante os seus anos de servizo.

Tendo en conta o anterior, esta Secretaría Xeral Técnica, no exercicio das competencias que ten atribuídas, estima procedente ditar as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira.- Obxectivo:

O obxectivo destas instrucións é contemplar e describir o proceso de solicitude e habilitación de acceso aos servizos de correo electrónico, Intranet e Biblioteca Virtual BiblioSaúde ofrecidos pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, por parte de profesionais xubilados/as do Servizo Galego de Saúde.

Segunda.- Descrición:

A solicitude de alta será efectuada polo usuario, cubrindo o formulario establecido no Anexo I das presentes instrucións e enviándoo asinado ao seguinte enderezo:

"Bibliosaúde"

Servizo Galego de Saúde

Edificio Administrativo San Lázaro

CP: 15703, Santiago de Compostela, A Coruña

España



Terceira.- Condicións de acceso:

O acceso aos servizos de correo, Intranet e Bibliosaúde supón por parte do usuario/a a aceptación das condicións de acceso establecidas pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, tanto para o correcto manexo do usuario e contrasinal xerado, como para as condicións específicas de explotación dos servizos, sendo o incumprimento destas condicións motivo de revogación do servizo.

Cuarta.-Nome de usuario/a e clave de acceso:

Segundo o establecido no Decreto 230/2008, de 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o acceso aos servizos será monitorizado para velar polo correcto uso dos mesmos e para poder garantir a súa calidade e seguridade.

Así mesmo son de aplicación as seguintes normas de uso:

- a) O nome de usuario/a será proporcionado seguindo as políticas en canto a nomenclatura establecidas pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade.
- b) A clave de acceso ao sistema debe ser coñecida exclusivamente polo usuario propietario da devandita clave e deben respectarse as seguintes regras:
 - i) A elección da clave debe ser o suficientemente imaxinativa e complexa como para impedir que sexa descubertade xeito doado.
 - ii) Nunca debe comunicarse a outra persoa. De producirse comunicación, será por conta e risco do/a usuario/a, que asumirá a responsabilidade das accións realizadas coas súas credenciais.
 - iii) Evitarase a escritura da clave en papel, ou calquera outro medio ao que podan acceder outras persoas.
- c) É responsabilidade do/a usuario/a a custodia e o uso da súa clave. Se en calquera momento o/a usuario/a sospeita que alguén está accedendo ao sistema coas súas credenciais deberá comunicalo por calquera medio e inmediatamente a Soporte Usuarios Servizos Centrais.
- d) O/a usuario/a comprende e acepta as medidas que a Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información decidise tomar para o mantemento da seguridade e privacidade



das súas claves. Entre outras medidas, a Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información pode optar por:

- i) Esixir unha complexidade mínima á hora de que o/a usuario/a xere unha clave.
 - ii) Establecer unha data de caducidade á clave, a cal deberá cambiarse pasada esa data.
 - iii) Establecer un recordatorio de clave, de xeito que o/a usuario/a non poida repetila durante un número determinado de cambios.
 - iv) Anular aqueles usuarios/claves que non accedan ao sistema nun tempo razoable.
 - v) Limitar o número de erros consecutivos de entrada ao sistema de información, anulando o/a usuario/a en caso de ser necesario.
 - vi) Comprobar a complexidade das claves dos/as usuarios/as, mediante programas de ataque ás devanditas claves.
- e) É responsabilidade do/a usuario/a facer o necesario para impedir o acceso aos recursos sobre os que ten os privilexios descritos. Esta responsabilidade non só inclúe a correcta xestión da súa clave para que non sexa coñecida por ninguén máis, senón que ademáis debe prover os medios necesarios para que ninguén poida traballar no terminal que estea autenticado coa súa clave. Para elo debe, ben bloquear a súa sesión, ou ben pechala, por curto que pareza o período de tempo de inactividade.

Quinta.- Condicións de uso do servizo de correo electrónico:

- a) Non está permitida a utilización de recursos telemáticos para actividades que non estean directamente relacionadas coa finalidade pola que se proporcionou o acceso. O uso da dirección de correo electrónico proporcionada pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, é responsabilidade do/a usuario/a final. O/a usuario/a comprométese a utilizar dita dirección de correo únicamente con fins profesionais e a cumprir a lexislación vixente ao respecto. A conta de correo electrónico é válida ata a baixa do/a usuario/a na organización, que deberá ser comunicada polo/a interesado/a ou polo/a



xefe/a do respectivo servizo, baixo a súa responsabilidade, alomenos con corenta e oito horas de antelación.

- b) As accións descritas a continuación quedan expresamente prohibidas:
- i. Divulgar ou transmitir información ilegal, abusiva, difamatoria, racista, ofensiva, ou calquera outro tipo de información susceptible de obxección, xa sexa mediante fotografías, textos, banners publicitarios ou enlaces a páxinas externas, así como publicar, transmitir, reproducir, distribuír ou explotar calquera información ou software que conteña virus ou calquera outro compoñente daniño, software ou outro material que non sexa orixinal (pirateado), infrinxir dereitos de propiedade intelectual, publicar ou facilitar material ou recursos sobre hacking, cracking, ou calquera outra información que poida considerarse inapropiada, de acordo coa normativa vixente, pola Consellería de Sanidade ou o Servizo Galego de Saúde.
 - ii. Creación, reenvío, colocación ou distribución de mensaxes en cadea (Chain Messages) de calquera tipo.
 - iii. Prover información falsa ou incorrecta en solicitudes escritas e transaccións que se cursen a través de correo electrónico.
 - iv. Participar no uso impropio ou distribución de correo electrónico ("e-mail") a través de Internet.
 - v. Enviar correo electrónico non solicitado ou "Spamming". Isto inclúe, pero non se limita, á distribución de correo electrónico non solicitado para propósitos comerciais, informativos, publicidade, políticos ou relixiosos.
 - vi. Reenviar información masiva relativa ás direccións de correo electrónico da organización a direccións externas para o seu posterior tratamento.
 - vii. Enviar datos de carácter persoal, e concretamente os relativos á saúde, sen tomar as medidas oportunas que permitan cumprir todas as esixencias da Lei Orgánica de Protección de Datos 15/1999 e o Real Decreto 1720/2007.

Ante o incumprimento por parte do/a usuario/a de calquera destas prohibicións, a Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde desactivará e bloqueará a conta de correo electrónico asignada a dito/a usuario/a.



- c) A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde non asumen responsabilidade legal nin de ningún outro tipo polo contido da mensaxería, agás nos casos e coas condicións que expresamente se establezan nunha norma, a efectos do disposto nos artigos 45 e 59 da lei 30/1992 de RJAP e PAC, modificada pola lei 4/1999 de 13 de Xaneiro e pola lei 24/2001 de 27 de decembro.
- d) Calquera opinión transmitida por este medio será atribuída, aos efectos legais, ao/á autor/a e, no seu caso, ao/á responsable da conta de correo se se aprecia incumprimento do disposto no punto b.
- e) Lémbrese que o correo electrónico non ten garantías de seguridade, nin de autenticidade do remitente, nin está libre de erro. Por conseguinte, a información pode, nalgúns casos, chegar a ser incompleta, imprecisa ou xerada por remitente non autorizado.

Sexta.- Condicións de uso da Intranet:

A Intranet do SERGAS ten por obxecto dar a coñecer a todos os usuarios/as a información e servizos ofrecidos pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, podéndose modificar en calquera momento e sen previo aviso o deseño, a presentación ou a configuración da páxina web, así como os seus contidos.

Toda a información presentada está dirixida a complementar a educación e asesoramento sanitarios e baixo ningunha circunstancia pode substituír o consello ou a consulta ós profesionais sanitarios.

a) Condicións de uso e acceso

O uso de Intranet réxese polo ordenamento xurídico español e polo contido deste código de principios. A utilización de Intranet e dos seus contidos implica a aceptación de todas e cada unha das condicións contidas neste documento, na versión publicada no momento no que se acceda ao mesmo.

Os servizos e información ofrecidos por Intranet son totalmente gratuítos agás no relativo ao custo da conexión a través da rede de telecomunicacións subministrada polo provedor de acceso contratado polo/a usuario/a.

A Consellería de Sanidade resérvase o dereito a interromper en calquera momento e sen previo aviso o acceso á Intranet, así como a interromper a prestación de calquera dos servizos que se prestan a través do mesmo, xa sexa por motivos técnicos, de seguridade, de mantemento, polos fallos no



subministro eléctrico ou por calquera outra causa. Dita interrupción poderá ter carácter temporal ou definitivo.

Determinados servizos son exclusivos para os/as profesionais sanitarios/as. Nestes casos, como requisito previo para acceder ao servizo, o/a profesional deberá rexistrarse escollendo un identificador e un contrasinal. O uso do contrasinal é persoal e intransferible. O/a profesional comprométese a facer un uso axeitado del e a mantelo en segredo, asumindo toda responsabilidade polas consecuencias da súa divulgación a terceiros.

b) Propiedade intelectual

Queda prohibida a copia, distribución ou publicación do material rexistrado sen a expresa autorización do seu propietario legal.

A utilización desta información noutros sitios de internet requirirá da autorización expresa do mesmo e deberá permitir a identificación da súa procedencia.

Os/as visitantes de Intranet están autorizados para acceder, descargar e reproducir o material non rexistrado a texto completo por calquera medio electrónico ou impreso, sempre e cando o seu uso estea relacionado co tema en cuestión e se cite a fonte orixinal.

A descarga dos arquivos facilita a obtención de copias individuais desta páxina web; pero non pode ser utilizado para a produción de reimpresións nin para a súa distribución comercial do material rexistrado.

As copias múltiples de calquera documento rexistrado serán consideradas como infraccións da legalidade que afectan aos dereitos de autor, se non se solicita permiso para tal fin ao propietario legal da obra.

c) Responsabilidade

O/a usuario/a non poderá acceder á Intranet de xeito que dane, deteriore, inutilice ou sobrecargue os servizos e/ou información ofrecida; non poderá interferir o uso de ditos servizos e/ou información por terceiros; non poderá intentar o acceso nin acceder a sitios, servizos, sistemas informáticos ou a redes conectadas sen autorización ou identificación cando a mesma sexa preceptiva para o acceso, nin mediante actos de intrusión (hacking) nin por calquera outro medio non autorizado.

A Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde non se fai responsable en ningún caso de ningún dano que se puidera causar a un terceiro polos usuarios/as da Intranet como



consecuencia do uso ilegal ou inadecuado da mesma, nin como consecuencia dos contidos e informacións accesibles ou facilitadas a través dela, nin dos sitios vinculados á mesma. Os/as responsables serán os/as usuarios/as ou terceiros causantes dos danos.

A Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde non se fai responsable do contido das páxinas dos enlaces recomendados, por non exercer sobre elas control algún, así como dos cambios de dominio, que poidan provocar o acceso a páxinas de contidos non desexados, inapropiados ou ofensivos.

A Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde non garante a ausencia de virus nos servizos e contidos da Intranet, xa sexan prestados directamente ou por terceiros, incluídas as conexións a través de enlaces, polo que non será responsable dos danos e prexuízos que se podan causar como consecuencia da existencia de ditos virus.

A responsabilidade da utilización da información contida na Intranet é do/a usuario/a.

A información administrativa facilitada a través desta web non substitúe a publicidade das leis, das disposicións xerais e dos actos que teñan que ser publicados formalmente no DOG e outros diarios oficiais, cuxas edicións impresas son o único instrumento que dá fe da súa autenticidade e contido.

d) Protección de datos

Os datos persoais dos/as usuarios/as recollidos no desenvolvemento de calquera trámite, petición ou subministración de información están protexidos pola Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

Soamente se usará tal información para o propósito para o que se solicitou. En ningún momento os datos serán cedidos a terceiras persoas ou organismos sen o expreso consentimento do interesado/a. Recoñécese aos usuarios/as os dereitos de acceso, cancelación, rectificación, oposición e a ser informados previamente no caso de cesión dos datos.

No caso de que o Servizo de Soporte necesitare os datos para calquera outro uso que se derive do propósito primordial da súa consulta requirirá do consentimento expreso do/a usuario/a para a súa utilización.

O tratamento dos datos de carácter persoal dos/as usuarios/as de Intranet que poidan nalgunha circunstancia rexistrarse efectuarase de conformidade co disposto na lexislación vixente.



Entenderase que no suposto de facilitarnos os datos, o/a usuario/a aoutorga a autorización expresa para realizar o tratamento dos mesmos conforme ao descrito máis arriba e que, en calquera momento, poderá revogar dita autorización. Os datos persoais que facilite o/a usuario/a incorporaranse a un ficheiro automatizado, o cal será procesado exclusivamente para a finalidade descrita.

Os datos de carácter persoal trataranse co grao de protección axeitado, segundo o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro, tomándose as medidas de seguridade necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado por parte de terceiros que o podan utilizar para finalidades distintas para as que foron solicitados ao/á usuario/a.

Santiago de Compostela, a de marzo de 2011.

A secretaria xeral técnica

Asdo.- Sagrario Pérez Castellanos.

INSTRUCCIÓN 7/11